

'Todo é silencio', de Manuel Rivas, mellor novela galega editada en 2010

Redacción

A CORUÑA

Manuel Rivas, por *Todo é silencio*, e Ana Romaní, por *Estremas*, foron os gañadores dos premios á mellor novela e o mellor poemario editados en 2010 da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), que entregou a noite do sábado os seus galardóns no transcurso da Cea das Letras.

Na categoría de literatura infantil-xuvenil gañou Marcos Calveiro co libro *O pintor do sombreiro de malvas*; no apartado de ensaio o premio foi para Pilar García Negro, pola súa obra *O Clamor da rebel-día. Rosalía de Castro: ensaio e*

feminismo, e en teatro foi recoñecida *Flores de Dinsinane*, de Manuel Lourenzo.

En Ramón Nicolás foi recoñecida a mellor traxectoria en periodismo cultural; Marga do Val, pola tradución de *Randea do alento*, de Herta Müller; e Alfredo Ferreiro, polo mellor blog literario, *El levantador de minas*. Ademais destas categorías, no transcurso da cea entregáronse outros dous galardóns a petición da asemblea de socios da AELG, o premio Institución Cultural, que este ano foi para a Fundación Penzol, de vigo; e o Premio AELG 2011 Escritor Galego Universal, outorgado ao poeta leonés Antonio Gamoneda.